

# ESTA AMBICIÓN DESMEDIDA

Santos Bacana, Cristina Trenas, Rogelio González, 2023

ESTREA EN NUMAX: 20.10.2023 | V.O. | +12 | 118 min

Despois do éxito do disco El Madrileño, C.Tangana enfróntase ao reto de crear a xira máis ambiciosa da súa carreira e revolucionar o concepto do directo. Unha viaxe que segue ao artista durante máis de catro anos. Desde a xénese do disco en Cuba ata a conceptualización do show, a hostilidade das negociacións, os ensaios, as conversas incómodas, as celebracións máis íntimas e o vórtice de concertos por toda España e Latinoamérica.

«A aposta consegue desligarse doutros documentais de músicos máis convencionais grazas á súa honestidade»

Janire Zurbano, CINEMANÍA

# 1186

# ESTA AMBICIÓN DESMEDIDA

Santos Bacana, Cristina Trenas, Rogelio González, 2023

ESTREA EN NUMAX: 20.10.2023 | V.O. | +12 | 118 min

Despois do éxito do disco El Madrileño, C.Tangana enfróntase ao reto de crear a xira máis ambiciosa da súa carreira e revolucionar o concepto do directo. Unha viaxe que segue ao artista durante máis de catro anos. Desde a xénese do disco en Cuba ata a conceptualización do show, a hostilidade das negociacións, os ensaios, as conversas incómodas, as celebracións máis íntimas e o vórtice de concertos por toda España e Latinoamérica.

«A aposta consegue desligarse doutros documentais de músicos máis convencionais grazas á súa honestidade»

Janire Zurbano, CINEMANÍA

**Máis información  
e entradas en**



## Un artista bigger than life

Por *Álex Montoya*

Permitídemelo apuntamento persoal antes de entrar ao trapo: vin 'Sin cantar ni afinar' no Festival Sónar 2022, e calquera, con mellor ou peor oído musical (apuntádemelo no segundo grupo), podía percibir que aquel show era outra cousa. A pesar de ser unha versión reducida, concentrada e adaptada do ambicioso circuío que planearon, C. Tangana aka Pucho aka Antón Álvarez Alfaro acendía a noite, multiplicaba a suor e ofrecía un concerto que era moito máis: cinema en directo explicaba el, unha mestura de linguaxes musicais e artísticas (...) un marabilloso *sarao*.

A percepción daquela actuación no Sónar, unha superproducción concibida como unha festa á que toda persoa con sangue e ritmo nas veas quereda asistir, repetíase aquí e alá, en España e en Latinoamérica. Nunha xira que, en realidade, agochaba frustracións, discusións, ensaios ao borde do ataque de nervios, dúbidas persoais, carreiras, decepcións, amarguras, perdas millonarias, algunha que outra rifa e momentos nos que todo o que pode saír mal sae peor... Pero tamén miles de xermolos, tolemia creativa, apertas e confesións, e un constante "máis difícil aínda". E é esa cara B da apoteose a que serve de liña narrativa do documental que nos ocupa.

En *Esta ambición desmedida* hai elementos de comedia, de musical, de fuxida cara a diante, de drama case existencial, mesmo de traxedia grega. O título non engana: o termo documental queda curto cando plasma o longo proceso de construción, máis de catro anos desde o nacemento do álbum *El Madrileño* ata facer realidade o concepto dun espectáculo que estivese á altura da revolución que supuxo o disco. Porque esta é, tamén, a historia dunha ambición, e dunha obsesión, e o retrato dun artista total que di non saber cantar, pero que pensa en grande, en moi grande, en *bigger than life*.

Dividida en tres partes, cunha montaxe frenética e portas abertas a todos os recunchos imaxinables (o *backstage*, as reunións, o camerino, a cuarto do hotel, mesmo a ducha), *Esta ambición desmedida* convértenos en *voyeurs*, devoradores de flocos que non perden corda, acompañando o artista nunha xira que nunca quixo facer. Ou si, a contradición constante vai da man da xenialidade. E Pucho é un xenio do seu.

Conta a súa nai, Patricia, que Pucho foi moi vago desde pequeno. Ninguén o diría vendo o frenesí co que afronta a magnitude do proxecto. "Sabe ver as cousas boas e unilas e facer algo mellor. Sabe rodearse e a fortuna que ten é que a xente que está con el di o que pensa". Hai unha escena emotiva, neste sentido de luces e sombras, unha cea na que a cámara nos fai privilexiados testemuñas das agarimosas desculpas, dos sentidos agradecementos de Tangana ao seu equipo.

“Esta ambición desmedida polas mulleres, a pasta e os focos. Está a quitarme a vida. Moi pouquiño a pouquiño a pouco”, di a letra da canción que tamén dá título á película. Atención spoiler: Pucho non perde a vida, pero si se deixa a pel e a enerxía, e fai que todo o seu equipo se arremangue para estar á altura. Ou viceversa.

"Como senta ser un xenio?", pregunta Santos Bacana. "Son un currela, tío", responde Antón Álvarez. “A miña carreira baséase en picar pedra. O *bolo* non é unha xenialidade, o que é unha xenialidade é a festa que nos pegamos”. E, amigos meus, estamos convidados!

## Un artista bigger than life

Por *Álex Montoya*

Permitídemelo apuntamento persoal antes de entrar ao trapo: vin 'Sin cantar ni afinar' no Festival Sónar 2022, e calquera, con mellor ou peor oído musical (apuntádemelo no segundo grupo), podía percibir que aquel show era outra cousa. A pesar de ser unha versión reducida, concentrada e adaptada do ambicioso circuío que planearon, C. Tangana aka Pucho aka Antón Álvarez Alfaro acendía a noite, multiplicaba a suor e ofrecía un concerto que era moito máis: cinema en directo explicaba el, unha mestura de linguaxes musicais e artísticas (...) un marabilloso *sarao*.

A percepción daquela actuación no Sónar, unha superproducción concibida como unha festa á que toda persoa con sangue e ritmo nas veas quereda asistir, repetíase aquí e alá, en España e en Latinoamérica. Nunha xira que, en realidade, agochaba frustracións, discusións, ensaios ao borde do ataque de nervios, dúbidas persoais, carreiras, decepcións, amarguras, perdas millonarias, algunha que outra rifa e momentos nos que todo o que pode saír mal sae peor... Pero tamén miles de xermolos, tolemia creativa, apertas e confesións, e un constante "máis difícil aínda". E é esa cara B da apoteose a que serve de liña narrativa do documental que nos ocupa.

En *Esta ambición desmedida* hai elementos de comedia, de musical, de fuxida cara a diante, de drama case existencial, mesmo de traxedia grega. O título non engana: o termo documental queda curto cando plasma o longo proceso de construción, máis de catro anos desde o nacemento do álbum *El Madrileño* ata facer realidade o concepto dun espectáculo que estivese á altura da revolución que supuxo o disco. Porque esta é, tamén, a historia dunha ambición, e dunha obsesión, e o retrato dun artista total que di non saber cantar, pero que pensa en grande, en moi grande, en *bigger than life*.

Dividida en tres partes, cunha montaxe frenética e portas abertas a todos os recunchos imaxinables (o *backstage*, as reunións, o camerino, a cuarto do hotel, mesmo a ducha), *Esta ambición desmedida* convértenos en *voyeurs*, devoradores de flocos que non perden corda, acompañando o artista nunha xira que nunca quixo facer. Ou si, a contradición constante vai da man da xenialidade. E Pucho é un xenio do seu.

Conta a súa nai, Patricia, que Pucho foi moi vago desde pequeno. Ninguén o diría vendo o frenesí co que afronta a magnitude do proxecto. "Sabe ver as cousas boas e unilas e facer algo mellor. Sabe rodearse e a fortuna que ten é que a xente que está con el di o que pensa". Hai unha escena emotiva, neste sentido de luces e sombras, unha cea na que a cámara nos fai privilexiados testemuñas das agarimosas desculpas, dos sentidos agradecementos de Tangana ao seu equipo.

“Esta ambición desmedida polas mulleres, a pasta e os focos. Está a quitarme a vida. Moi pouquiño a pouquiño a pouco”, di a letra da canción que tamén dá título á película. Atención spoiler: Pucho non perde a vida, pero si se deixa a pel e a enerxía, e fai que todo o seu equipo se arremangue para estar á altura. Ou viceversa.

"Como senta ser un xenio?", pregunta Santos Bacana. "Son un currela, tío", responde Antón Álvarez. “A miña carreira baséase en picar pedra. O *bolo* non é unha xenialidade, o que é unha xenialidade é a festa que nos pegamos”. E, amigos meus, estamos convidados!